

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (ausente)
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos
José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS
Margarita González Hernández, Xefa Sección Emprego e
Programas, secretaria.

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO, ausente)
Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT, ausente)
Xoan Cebro Rodríguez, (CIG, ausente)
María Fariza Novoa (CCOO)

Acta da reunión celebrada ás
13:30 horas do 23 de febreiro de 2012,
na sala de xuntas nº 1 da Xerencia, coa
asistencia das persoas que se citan á
marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación acta do 22 de decembro de 2011.
2. Proposta de convocatoria de ampliación de lista de agarda na categoría de Técnico Especialista de Bibliotecas.
3. Rogos e preguntas.

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DE DATA 22 DE DECEMBRO DE 2011.

Apróbbase por unanimidade.

2. PROPOSTA DE CONVOCATORIA DE AMPLIACIÓN DE LISTA DE AGARDA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO ESPECIALISTA DE BIBLIOTECAS.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que na última oferta de contratos para apertura extraordinarias das bibliotecas en decembro de 2011 na categoría de TEBs, foi necesario chegar ao último candidato da lista de agarda, polo que podería haber problemas na vindeira apertura, polo que atendendo as indicacións neste sentido do Servizo de PAS e da dirección da Biblioteca Universitaria considérase necesario ampliar a lista.

Luis Pérez considera a Vixerencia está propoñendo de xeito inmediato unha convocatoria pola vía de urxencia na que o temario é o mesmo que se esixiu na oposición, polo que se pregunta se o que vai pasar agora é que os que suspenderon o primeiro exame de oposición van a aprobar estas probas. Opina que se para elaborar esta ampliación da lista se esixe un temario de oposición estaría se a pedir un nivel de coñecementos moi superior ao que se esixe noutras categorías. Maníftase asombrado porque se teña que repetir a oposición e gustaríalle saber se para as contratacións de fin de semana non se pode recorrer a outro tipo de contratos que sexan máis vantaxosos para os traballadores, suxire a modificación do horario de apertura para que así se contrate a unha soa persoa con mellores condicións económicas que o que se está ofertando na actualidade.

María Fariza considera que nun proceso de ampliación de lista de agarda non se debería esixir o mesmo nivel de dificultade que nun proceso de acceso á condición de persoal laboral fixo.

O Vixerente de Recursos Humanos reconece que a presente convocatoria se fixo con pouca antelación e non vai entrar a cuestionar o traballo realizado polo tribunal da oposición, nin a valorar se actuou con dureza xa que hai que acatar o resultado da súa actuación. En principio, unha lista de espera con 47 aspirantes pode parecer ampla, pero a realidade é que nesta categoría se producen numerosos movementos e incidencias que fan que este número resulte insuficiente.

Luis Pérez reitera que debe informarse a esta Comisión de todas as categorías que podan estar nesta mesma situación, incluíndo aquelas que sexan antigas, nas que se debe comprobar se os candidatos estarían interesados en aceptar unha oferta de emprego, para darlles o mesmo tratamento que a de TEBs. O Servizo de PAS comprométese a facelo.

María Fariza suxire que a parte social estude a presente convocatoria nun prazo razoable para facer unha contraproposta e debatela na próxima reunión.

Luis Pérez indica que non é partidario de ampliar as listas de agarda para que despois a persoa que queda en primeira posición na ampliación non se lle oferte un contrato ata dentro de dous ou máis anos dende que finalizou o proceso.

O Vixerente de Recursos Humanos considera que esta reunión se pode continuar a vindeira semana, propoñendo o día 29, ás 13.00, como convocarase extraordinaria para tratar este único punto.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Ángel Torreiro solicita unha relación con todas as listas de agarda actualizada.

Luis Pérez reitera que debería existir unha convocatoria marco para estes procesos de contratación temporal e ampliación de listas de agarda, xa que por exemplo no borrador de ampliación da lista de agarda da categoría de TEBs, no apartado de formación non se inclúen como avaliábeis as materias dunha titulación relacionada coa categoría.



E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:05 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.